

Próximas
xornadas

- 25.06.2009 - Novas tecnoloxías e discapacidade
- 16.07.2009 - Todo o que necesito coñecer para vender por internet. Casos de éxito
- 24.09.2009 - Plataforma de portais e xestión documental
- 22.10.2009 - Web 2.0: moda ou realidade empresarial?
- 19.11.2009 - Implantación das TIC no medio rural

De forma individualizada ou en pequenos grupos homoxéneos os usuarios poderán, en espazos curtos de tempo axeitados ás súas xornadas, solucionar dúbidas sobre o manexo do hardware e software, así como asesorarse en materias relacionadas coas TIC e que supoñan unha mellora do proceso nas súas empresas. Todos os obradoiros levaranse a cabo ininterrompidamente de maio a novembro de 2009 (con axenda concertada), deixando o mes de agosto de descanso dada a estimación da escasa asistencia nese mes de verán.

Obradoiros
dixitalizados

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

plan
avanza»
<http://www.planavanza.es>

 MINISTERIO
DE INDUSTRIA,
TURISMO
Y COMERCIO

<http://www.mityc.es>

 UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
<http://www.europa.eu>

 et ic
proxecto emprendetic 2009

 site
sala de innovación
tecnolóxica empresarial

 FUNDACION C.E.L.
INICIATIVAS POR LUGO

Colabora:

 cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Vantaxes competitivas
dunha infraestrutura
informática libre na
empresa

Lugar:

Pazo de Feiras e Congresos de Lugo
El Palomar s/n

28 de maio
19.00h

Vantaxes competitivas dunha infraestrutura informática libre na empresa

Nesta xornada farase un percorrido polos fundamentos das tecnoloxías libres e abertas afondando nas causas do seu éxito.

As solucións libres/abertas unidas á adopción de estándares abertos dotan ás empresas dun amplo conxunto de decisivas vantaxes competitivas nunha contorna en continua evolución e feroz competitividade, onde a infraestrutura informática e internet son decisivas.

Os obxectivos perseguidos con esta acción céntranse en facerlles ver aos emprendedores, novos empresarios e empresarios xa consolidados as vantaxes reais que achega o uso do software libre na realización das tarefas cotiás nas súas empresas.

Programa

19.00h
Presentación
19.15h

Vantaxes competitivas dunha infraestrutura informática libre na empresa

D. Roberto Brenlla - Tegnix Software Libre

Economista con formación superior en Dirección de Empresas, foi o Socio fundador (2003) e presidente de AGNIX (Asociación de Software Libre) ata xullo de 2006, amais do Promotor dunha distribución GNU/Linux en galego, posteriormente coñecida como GNIX.

Fervente defensor do Software Libre como instrumento de independencia tecnolóxica para as empresas, é autor de infinidade de artigos, documentacións e novas sobre Software Libre en AGNIX.org, así como colaborador noutras publicacións electrónicas nacionais e internacionais.

Promotor de xornadas de achegamento ó Sw Libre en distintos concellos galegos, participa tamén, en nome de todos os grupos e asociacións galegas de Software Libre, na organización das "IX Xornadas de Sw Libre para o Ensino Secundario" en outubro de 2004 en Santiago de Compostela. Destaca tamén o seu labor como docente en multitude de cursos e relator en numerosos eventos, entre os que cabe mencionar a Open Source World Conference de Badaxoz e Málaga, e o Fórum Internacional de Software Livre de Lisboa e Luanda (Angola).

En 2004 funda a empresa C.T.I. TEGNIX, consultora tecnolóxica e informática especializada en integración de solucións libres/abertas en empresas e organizacións.

SORTEO

- F Netbook Asus Eee pc 901
- F Sistema operativo Linux



site

sala de innovación
tecnolóxica empresarial

Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, El Palomar s/n
27004 - Lugo
Telf. - 982 284 150 Fax. - 982 284 922
site@fundacioncel.org
www.fundacioncel.org/site